

nordés

PERIÓDICO ANARQUISTA

Umha colaboración entre
A irmandade da costa e
Ardora (s)edicións anarquistas



N3 · JUNHO 2018

**A Marea despeja o CSO A Insumisa
Segundas jornadas «Coruña libertaria»**

A Ordenanza mordaza em Lugo

Baixam os cargos da operación Ice

70 anos de limpeza étnica en Oriente Medio

Loitas

Comunicado contra o desaloxo do CSO A Insumisa

CSO A Insumisa

Xa é un feito. O suposto “gobierno do cambio” da Coruña desaloxou o Centro Social Okupado A Insumisa. E non só saltáronse a legalidade vixente e as máis mínimas garantías democráticas (pois foi un día antes de expirar o prazo estipulado) se non que ademais o fixeron pola forza. Non coa mínima imprescindible, nin moito menos, senón con sadismo e crueldade. Gas pementa, porrazos, contusións, cóbados esnaquizados, brechas na cabeza (de ata 9 grampas)... a nova política. E non foron os antidisturbios, non, esta vez non poderán escusarse con iso; foi a policía local, xente ás súas ordes, os seus subalternos, os seus esbirros, o seu brazo armado. Se que agora dirán, como xa fixeron outros antes que eles, que a culpa é nosa, que nós empezamos, que a policía só defendeuse... pero saben que minten. Saben perfectamente quen golpeou primeiro e, aínda que agora pretendan enganar á xente, como antes facía a “vella política”, tanto nós como eles sabemos a verdade. E ao pobo consciente e organi-

zado tampouco poderán enganalo. Marea Atlántica son directamente responsables da represión e a violencia. Máis aínda que os lacaios que empuñaban as porras que eles ordenaron desenfundar. Algún día terán que responder por esta infamia.

Por fin conseguírono. A máquina de triturar utopías devorou un Centro Social: unha sala de concertos, un skate park gratuito, un ximnasio utoxestionado, un local para charlas e talleres, unha cociña popular e vegana... fonte de financiamento de causas solidarias e ferramenta imprescindible dos Movementos Sociais. Aniquilaron unha okupa, libre e asemblearia, que cuestionaba cos seus actos e a súa mera existencia o capitalismo, a especulación e a propiedade privada. Pero que lle importará iso á “nova política”? Que é iso da autoxestión e o dereito a teito? Parece que a eles preocúpanlles máis o poder e as mansións de 600.000 euros.

E o máis patético de todo é que pretenden vender a destrución dun espazo liberado por medio da máis descarnada forza bruta como unha conquista social e unha recuperación do público. Que hai máis público que un Centro Social aberto no que todas poden decidir de xeito igualitario por medio dunha asemblea libre e desxerarquizada? O fantasmagórico procreo de Naves de Metrosidero non é máis que unha burda


farsa coa que Marea Atlántica pretende cavar baixo os nosos pés. Socavar o noso apoio devorando o noso proxecto social para regurxitalo logo teledirixido baixo o seu control. O tempo poñerá a cada quen no seu lugar.

Pero ao pobo consciente non se lle engana tan facilmente. E moito menos despois de amosar a súa verdadeira natureza autoritaria e represora. As mans manchadas de sangue non son tan doadas de ocultar. Caéronse as caretas e os sorrisos hipócritas e os discursos baleiros xa non poderán devolvelas o seu sitio.

Nós seguiremos resistindo. Seguiremos abrindo espazos de liberdade e autoxestión para defendelos tras dos seus muros e nas rúas do autoritarismo e a represión. Non renunciaremos a soñar cun mundo mellor nin a loitar por conseguilo. Sabemos que para cambiar o mundo non basta con desexalo con forza nin proclamalo na internet, fai falta o compromiso e a decisión de tomar as rúas cando o require a ocasión. Sabemos que ao noso carón estarán as solidarias, as rebeldes, as soñadoras e as que aínda non se renderon. Ven connosco a achegar un pouco máis a utopía á realidade.

Un desaloxo, outra okupación!

Vémonos nas rúas.



Comunicado de apoio e solidariedade com o CSO A Insumisa

Os coletivos abaixo-assinados, integrantes do movimento popular galego e empenhados na construción de espazos para a cultura contra-hegemónica queremos declarar o seguinte perante o iminente despejo do CSO A Insumisa:

1.

A nossa solidariedade incondicional com o CSO A Insumisa, centro social ocupado da Corunha, com o qual trabalhamos em diversas iniciativas conjuntas, mostrando-se sempre como um coletivo comprometido com a construción de alternativas ao embrutecimento e mercantilización cultural dominantes.

2.

O nosso apoio a todas as pessoas que participam deste centro social, e a todo o que ele representa, como verdadeiro motor da cultura de base e popular da cidade

3.

A nossa condena à política de perseguição policial e mediática contra iniciativas non controladas pola institucionalidade burguesa, i em concreto ao governo do chamado “cambio” e que agora leva a porra e a pistola por diante em defesa da propriedade privada e institucionalidade dos espazos autogeridos

4.

O nosso compromiso no fortalecimento e na creación de espazos que permitam

avanzar na galeguización e desmercantilización da nossa cultura, em coordenação permanente com outras entidades comprometidas com idénticos objetivos nos mais diversos ámbitos: laboral, político, feminista, comunicativo, ambiental, etc.

5.

Apelamos ao movimento popular galego à unidade e à autodefesa, construindo novas ferramentas ao serviço dos interesses do nosso povo, combatendo a manipulação informativa e a repressão judicial-policial.

Galiza, 24 de maio de 2018

Ateneo Libertário A Engranaxe (Lugo)

Centro Social A Comuna (Corunha)

Centro Social A Galleira (Ourense)

CS A Gentalha do Pichel (Compostela)

Centro Social A Revolta (Vigo)

Centro Social Fuscalho (Guarda)

Centro Social Gomes Gaioso (Corunha)

Centro Social Madia Leva (Lugo)

Centro Social O Fresco (Ponte Areias)

CSA do Sar (Compostela)

CSO A Insumisa (Corunha)

Coletivo Terra (Pontedeume)

Fundación Artábria (Ferrol)

Local Social Faisca (Vigo)

CSA O Fervedouro (Ribeira)

A.C. O Quilombo (Pontevedra)

CSA Cova dos Ratos (Vigo)

CSOA A Quinta da Carminha (Vigo)

A Casa Colorida (Nigrám)

Ateneo Libertario Xosé Tarrío (Corunha)



«A nossa condena à política de perseguição policial e mediática contra iniciativas non controladas pola institucionalidade burguesa, i em concreto ao governo do chamado “cambio” e que agora leva a porra e a pistola por diante em defesa da propriedade privada e institucionalidade dos espazos autogeridos»

O valor dos cristais

C. R.

Uns pobres cristaliños amenceron rotos. Ao parecer sufriron moito, a vulgar polo horror levantado entre políticos bempensantes e cidadáns respectables. Deberon de pasalo realmente mal cando uns crueis desaprensivos decidiron golpealos con saña e nocturnidade. Non como os okupas aos que lles abriron as cabezas a porrazos, iso é moito máis normal e exento de crueldade. Todo o mundo sabe que mallar perroflautas é un acto en grao sumo respectable dentro do estado de dereito. Pero os pobres cristaliños, eses si que deberon sufrir o indecible no seu agónico martirio. Ademais é por todos coñecido que o noso sistema

democrático susténtase moito máis en cristalinos escaparates que nas aporreadas cabezas das chusmas disidentes.

Porque romper cristais é un acto de violencia, mentres que desaloxar Centros Sociais a golpe de porra e gas pementa é un exemplo de filantrópico compromiso cidadanista. Quizá as okupas deberían de poñer a outra fazula... así quedarían ambas fazulas compensadas con outros nove puntos de sutura.

Xa lles vale tomala cos cristais! Que horrenda desvergoña! Se aínda houbesen «non cargado» contra Rocío Fraga, contusionando, gaspimentando e abríndolle a cabeza, a resposta sería moito máis proporcionada... aínda que quizá non vale o mesmo a cabeza aberta dun político que a de quince perroflautas mallados. É un lío esta aritmética bempensante de educación para a cidadanía.

Porque cando se afogan os sinpapeis no estreito non é violencia, como tampouco o é cando morren mentres corren coa policía «do cambio» ás súas costas. Que che boten do teu piso despois de ser enganado por un banco rescatado polo estado tampouco é violencia. Non o é tampouco non poder alimentar aos teus fillos por falta do traballo cuxo dereito che garante a constitución. Destruír con sangue e porrazos os espazos liberados, xestionados de forma libre, horizontal e participativa evidentemente tampouco é violencia, se non a política do cambio. Ao parecer a violencia é romper uns poucos cristais en resposta desesperada á monolítica e opresiva non violencia do estado.

Pechemos filas contra a violencia e demostracións ao señor! Non vaia a ser que un día destes súbansenos as cadeiras ás mesas.

A Ordenanza

Mordaza de Lugo

O Concello de Lugo, en mans do PSOE, sacou un borrador de “Ordenanza Cívica e Seguridade” que conta co apoio do Partido Popular e Ciudadanos (maioría suficiente) para a súa aprobación en curto prazo, pero enfróntase á oposición do resto dos partidos e, sobre todo, á mobilización dende a rúa.

E o segundo intento do PSOE, xa que en 2011 foi o exalcalde Orozco —imputado en tres causas xudiciais; a ORA, en ramas da operación Pokemon e o Garañón— quen tentou poñer en vigor unha primeira ordenanza de “civismo”, que finalmente non foi aprobada grazas á presión que viu de diferentes colectivos sociais e á oposición dalgúns dos partidos do Concello.

Desta volta a nova Ordenanza Cívica e Seguridade, rebautizada xa como “Ordenanza Mordaza”, é moito máis reaccionaria que a de anos atrás, o que levou a máis de 30 colectivos sociais, culturais, políticos e sindicais, ademais de individualidades, a poñer en marcha a Plataforma Lugo Sen Mordazas para frear esta ordenanza “racista, clasista e machista” segundo describe a propia Plataforma, e que estigmatiza aos colectivos máis vulnerables, persegue toda forma de economía alternativa e reprime aos movementos sociais a través das inxustas e desproporcionadas sancións administrativas. Todo baixo o paraugas do populismo que se está a desmontar pouco a pouco dende a Plataforma, pero que chegou a cobrar forza grazas tamén á necesaria propaganda dos medios de masas como El Progreso e La Voz de Galicia a través do sensacionalismo e o alarmismo, creando un discurso do medo e da “inseguridade” con noticias anecdóticas e a miúdo falsas de Lugo, presentándoa como unha cidade insegura cando máis ben acontece todo o contrario, pois é das máis seguras do Estado español, e a segunda en canto a roubos se refire (dentro dos seus propios parámetros).

Esta ordenanza engloba tres obxectivos: **a privatización e control do espazo público**, como as sancións das formas artísticas ou de xogo espontáneas, con multas que van dende os 750 euros ata os 1.500 euros por as crianzas xogar nas prazas ou ás artistas por expresar a súa arte na rúa como facer música, e incluso a incautación dos instrumentos. Ao que hai sumar a “Lei de Espectáculos de Galicia” aprobada pola Xunta de Galicia, o que limita as actuacións artísticas e a música en directo en pequenos locais, polo que pasa a concentrarse só nas grandes salas de concertos, o que sumando ambas é un ataque directo á cultura e o arte de ca-

rácter popular. Unha clara forma de censura e veto encuberto.

Outro obxectivo desta ordenanza é **a criminalización e a estigmatización** dos colectivos “máis vulnerables”, sancionando a mendicidade con ata 3.000€ por pedir esmola na vía pública, vender panos, etc. ou 750€ por durmir nun banco. Outro punto claramente represor son as multas ás traballadoras sexuais por exercer o seu traballo non só na vía pública, senón tamén en pisos, sancionando por suposto tamén aos clientes (o que incluso critican duramente dende colectivos como Hetaira). Un punto, as sancións ás traballadoras sexuais, que une aos colectivos feministas tanto abolicionistas como prosex.

Por último **a censura e a persecución** aos colectivos socio-políticos, multándoos con ata 1.500€ por cuestións tales como colocar carteis ou recoller firmas (o que xustamente se está a facer agora contra a ordenanza). Coa nova ordenanza, colocar unha mesa informativa e/ou de recollida de firmas, pasaría a depender da vontade Goberno de turno, xa que sería necesario obter un permiso explícito, cando ata o de agora só era necesario dar o aviso, o que supón a total e absoluta arbitrariedade dos intereses partidistas e polo tanto é unha coartada á protesta, mobilización e á liberdade de expresión.

Non é casual que se pasase a chamar “Ordenanza Mordaza”, pois os paralelismos á “Lei Mordaza” son moitos, tamén en canto a que outorga un poder absoluto á policía e dálles total arbitrariedade, tendo os axentes valor probatorio, e interpretando os administrativos, após das sancións propostas pola policía, o que son ou non por exemplo “tumultos” ou “palabras soeces”, o cal ambas están recollidas na ordenanza como infraccións e multado con ata 750€. Así como a acampada, sendo casualidade e moi significativo que o día do presentación da plataforma coincidise co aniversario do 15-M, o cal estaría agora perseguido dende o propio Concello.

Esta ordenanza ademais fomenta a **cultura da vixianza, control e chivatazo** dxs propios cidadáns, xa que aquela persoa que se negue a informar do que esta ordenanza considera falta estaría recollido como infracción grave, cunha sanción de ata 3.000 euros. Outra forma de control e autovixianza e fomento da desconfianza entre xs cidadáns é que as asociacións que organicen calquera acto público serán responsables dos comportamentos individuais das persoas que se acheguen, podendo ser sancionados os propios colectivos. Incluso as persoas que se atopen nun lugar público no que ocorran feitos recollidos na orde-

nanza como faltas, poderán ser multadas aínda que non sexas partícipes das mesmas, e “no caso en que non fora posible determinar o grado de participación dos diversos suxeitos que houberan intervido na comisión da “infracción”, a responsabilidade será “solidaria”.

Por suposto outra similitude coa “Lei Mordaza” é que o pago inmediato das sancións, sen as alegacións oportunas, supón diminuír á metade á cantidade a pagar, o que se traduce nun incumprimento do dereito á lexítima defensa, estando sometidxs á coacción da variabilidade da cantidade económica a pagar.

Dende a Plataforma, ademais do traballo que están a levar na rúa, cuxa última gran acción foi reunir ao redor de 100 persoas o día do pleno do Concello, irrompendo neste con carteis como forma de protesta; denuncian que o proxecto de ordenanza está chea de fallas xurídicas, xa que “existe unha falta de competencias do Concello para legislar moitos dos aspectos incluídos, como por resultar moitos deles contrarios á lexislación vixente e por non respectar os dereitos e liberdades cívicas máis básicos, como así xa o acreditan informes de xuristas doutros municipios”.

Por suposto a ordenanza está adornada cunha introdución discursiva do máis hipócrita, pois só hai que irse ao artigo 5 do Título II onde se di que “é un deber básico de convivencia cidadá tratar con respecto, atención, consideracións e solidariedade especiais a aquelas persoas que, por circunstancias persoas, sociais ou de calquera índole, máis o necesiten”, o cal contravénse co exposto anteriormente, deixando ao descuberto, unha vez máis, a hipocrisía deste tipo de ordenanzas que obedecen ás demandas da patronal e sectores máis reaccionarios.

Son estes quen teñen no seu poder a imposición política, deseño social e arquitectónico das nosas cidades para servir aos seus propios intereses, o cal dende colectivos afíns estase a destapar, máis alá de sinalar aos e ás representantes políticos. Exemplo disto foi o colectivo transfeminista Translurpies que durante a primeira festa do barrio da Tinería o pasado fin de semana —barrio histórico lucense coñecido pola existencia de mulleres que exercen o traballo sexual— repartiu información sobre o que son os procesos de xentrificación, sendo este barrio un exemplo paradigmático, onde a patronal está a desprazar ás traballadoras sexuais por e para seus intereses, camuflado cun fio discursivo paternalista de falsa “preocupación pola situación das prostitutas”. Pero a raíz de diferentes entrevistas, tanto a patronal como algunhas asociacións veciñais, demóstrase que o único que lles molesta é

a súa propia existencia, como a hoteleira Marisol Fernández que aseguraba nunha entrevista para El Progreso que as prostitutas molestaban aos seus clientes, ou Sonia García Presidenta dunha asociación de vici-

ñxs que asegurou que “si trabajasen dentro de locales no sería tan molesto”.

A Plataforma, mentres tanto, segue en pé de loita con mesas informativas, facendo labor de contrainformación nas redes sociais, tra-

ballando dende grupos de investigación e preparando tamén unha acción masiva que terá lugar nas vindeiras semanas.

Golpes

Baixan os cargos

Plataforma polas 6 da Operación ICE

O xoves 17 de maio recibimos o escrito de acusación da fiscalía. Despois de tres anos de investigación por parte da Brigada de Información da Policía Nacional e a Audiencia Nacional, os graves cargos que terminaron coa detención das seis persoas do colectivo Straight Edge Madrid quedáronse reducidos á presunta comisión dun único delito: enaltecemento do terrorismo.

Este escrito provocounos á vez alegría e perplexidade.

Alegría, porque a pena que procedería impoñer, en caso de ser atopados culpables, sería de “só” dous anos de prisión. O panorama xa non é tan negro como nolo imaxinabamos.

Perplexidade, porque non entendemos como se chegou ata aquí. De considerar aos seis procesados como membros dun-

ha organización terrorista anarquista responsable do ataque a dúas sucursais bancarias, enfrontándose a penas de máis de 35 anos de prisión, a un delito de enaltecemento do terrorismo.

É unha moi boa noticia que se volatilizaran os cargos derivados da consideración de Straight Edge Madrid como unha organización terrorista, así como que desapareceran as acusacións sobre a queima de sucursais bancarias.

Pero isto reafirmanos na nosa postura desde o principio desta operación policial: simplemente foi unha operación policial amparada na lei Mordaza para meter medo entre os movementos sociais, que NUNCA houbo probas nin indicios suficientes para sustentar estes cargos.

E, con todo, mantívose en prisión a un dos acusados durante case un ano e medio, con constantes cambios de centro penal, sometido ao réxime FIES e á política de dispersión que emprega o estado cando se trata de delitos de terrorismo.

As outras cinco persoas detidas tiveron que facer fronte a fianzas cuantiosas, tendo en conta a súa idade e os seus medios económicos; perderon cursos académicos; tiveron que renunciar a oportunidades laborais ou de estudos fora do estado español.

Se a xustiza chega tarde, non é xustiza. Ninguén se fará responsable dos meses en prisión de Nahuel, da desazón dos procesados, da angustia de familiares e amigos...

Pero este longo proceso non foi só doloroso. Tamén foi un camiño de aprendizaxe e de solidariedade, de descubrimento de persoas e colectivos que hoxe consideramos amigos.

Sabemos que non podemos atopar xustiza dentro dun sistema inxusto, pero isto só nos anima a seguir construíndo a sociedade que levamos nos nosos corazóns. Seguimos xuntas nesta loita pola absolución das seis de Ice e de todas aquelas persoas que se enfrontan a procesos xudiciais por expresar, simplemente, que outro mundo mellor é posible.

Além

70 anos de limpeza étnicas en Oriente Medio anunciadas previamente

Artigo de **Daniel Lobato**, membro de Rojava Azadi Madrid e de BDS Madrid.

Publicado orixinalmente en **infolibre**.

Hai un fío de conexión entre dous homes que comparten con cen anos de diferenza unha **intolerancia xenófoba**, unha **moralidade relixiosa integrista** e un **supremacismo racial**. Un foi ministro de exteriores

británico fai exactamente cen anos, chamábase Arthur James Balfour. O outro se chama Recep Tayyip Erdoğan, presidente de Turquía desde 2014.

Os dous anunciaron a execución dunha **limpeza étnica e cambio demográfico** forzoso (crimes contra a humanidade) que posteriormente levaron a cabo. O primeiro anunciou en 1917 a limpeza étnica de Palestina coa Declaración Balfour, na que prometeu entregar Palestina ao movemento sionista europeo. O segundo leva anunciando desde 2011 a limpeza étnica de Kurdistán nos medios de comunicación.

O próximo 15 de maio de 2018 cumpríranse 70 anos da Nakba (“catástrofe”) palestina. A limpeza étnica de **800.000 persoas nativas mediante o seu asasinato** e expulsión cometida polas forzas militares sionistas, e

a proclamación por estes estranxeiros dun estado de carácter etno-relixioso chamado Israel. Trinta anos pasaran desde que Balfour lanzou o seu anuncio predestinando aos palestinos a un exilio a punta de pistola.

Este crime contra a humanidade cometido polo artefacto sionista, continúa ata hoxe impune cos máis de **6 millóns de persoas refuxiadas palestinas esperando o retorno** tal como manda a legalidade internacional ou a resolución 194 da ONU. Viven dunha caridade internacional que non desexan (a axencia da ONU para refuxiados e refuxiadas palestinas, UNRWA), e que EEUU anunciou que recortará dramaticamente. O que elas e eles desexan é que se aplique o seu inalienable dereito ao retorno ás súas terras e fogares. Son o colectivo humano refuxiado máis antigo e numeroso do planeta.

Ademais, o crime realizouse coa **complicidade e o silencio das grandes potencias** do momento, Gran Bretaña, EEUU, e o bloque da URSS, quen previamente na ONU cortaran en anacos esa terra sen preguntar a quen a habitaba a súa opinión respecto diso. A partir de aí, a narrativa hexemónica en occidente encargárase de encubrir o delito: ben **desaparecendo o seu espazo nos medios de comunicación**, ou ben utilizando un relato que fíxese borrosa e confusa a simple aplicación da legalidade para alcanzar unha paz con xustiza: “conflito histórico”, “guerra árabe-israelí”, “dous pobos”, “terrorismo palestino”, “mesas de negociación”, “proceso de paz”, etc.

—A limpeza étnica de Afrin: anunciada por Erdogan fai sete anos

En 2018 presenciamos outra limpeza étnica anunciada premeditadamente nos medios de comunicación: **a invasión da rexión kurda de Afrin polo exército turco** utilizando milicias extremistas. Desde 2012 —tralo acordo ao que chegaron un goberno sirio en retirada e as organizacións kurdas-sirias— a exitosa defensa e gobernanza de Afrin corría a cargo das súas milicias populares YPG- YPJ e a súa autoadministración democrática comunal respectivamente.

Centos de miles de personas, entre habitantes kurdas e refuxiadas internas doutras zonas de Siria, acaban de evacuar a rexión máis pacificada de toda a guerra ante a certeza do masacre que se cernía sobre elas por parte de Turquía e as súas bandas yihadistas.

Tras os civís, as milicias kurdas YPG retiráronse, renunciando a establecer unha imposible guerra convencional contra o 2º exército da OTAN e provocar que toda a rexión, aldeas e cidades finalizasen arrasadas polos bombardeos que Turquía realizara as semanas previas **matando a centenas de civís**.

Era unha quimera pensar que o goberno sirio e o seu decimado exército poderían asegurar a rexión con inexistentes unidades ou tanques. Ter izado moitas bandeiras gobernamentais e retratos de Assad en toda a provincia como disuasión ás milicias turcas tivera sido inútil para a poboación kurda de Afrin, pois **Erdogan tiña decida a invasión desde hai anos**. Só EEUU e Rusia podían evitar o ataque turco ou dos seus grupos subcontratados.

Cando a guerra en Siria apenas comezara —en xuño de 2011— e Turquía só acollía a 8.000 refuxiados do país veciño, Erdogan xa anunciou que ía crear unha “zona de exclusión” no interior de Siria no seu borde fronteirizo para “reasentar aos refuxiados”. Refuxiados que, como vemos, por entón Turquía acollía en

cantidade minúscula. Pódese seguir nos medios o fio de idénticas declaracións de Erdogan ano tras ano ata 2018 con esas intencións ampliadas a “devolver toda a zona fronteiriza de Siria aos seus donos árabes”, ou o que é o mesmo, **a expulsión dos nativos habitantes kurdos**.

Hoxe, o número de persoas refuxiadas sirias en Turquía está nun pico de 3.500.000 sendo un 10% kurdas-sirias, as cales tiveron máis restrinxido o retorno fronte a outros grupos sociais. Hoxe si dispón Erdogan de persoas sirias refuxiadas en número suficiente para levar a cabo o cambio demográfico no país veciño, o cal é un **crime de guerra adicional** segundo establece o dereito internacional.

Que Erdogan xa expuxese en 2011 un proxecto de cambio demográfico forzoso dentro de territorio sirio, na fronteira, con reasentamento duns refuxiados que nesa data aínda non estaba a acoller, indica ata que punto un dos intereses da axenda turca na guerra de Siria era que **o número destas persoas refuxiadas se incrementase** exponencialmente. E só hai unha forma para conseguir que fuxa do seu propio país a maior poboación posible: alimentar a guerra.

—ISIS é Turquía, pero a xeopolítica é a xeopolítica

O consenso entre as potencias foi absoluto en canto aos vínculos de Erdogan con ISIS ou con outras milicias de etiquetas intercambiables: os gobernos de Rusia, EEUU ou Alemaña estiveron de acordo nisto, e por suposto tamén o denunciaron as milicias kurdas YPG e o goberno de Damasco. E a pesar desta insólita unanimidade en que **Erdogan estivo apoiando o terror** e as bandas yihadistas, permitiuselle reutilizar miles de mercenarios provenientes do ISIS e outros grupúsculos para executar a limpeza étnica da rexión kurda-siria de Afrin.

E non só se lle permitiu, senón que os medios occidentais branquearon a operación de Erdogan renombrando aos seus **mercenarios extremistas cos apelativos de “rebeldes”, “opositores” ou “Exército Libre Sirio**”. Etiquetas intencionadamente confusas que eses mesmos medios occidentais utilizaron e utilizan para outros mesmos extremistas como os de Ghouta ou Idlib. Ou peor aínda, artigos en medios españois que falaban da poboación nativa kurda como “ocupante” e por tanto como suxeito a ser expulsado, entre outras moitas falsedades.

Facer unha cousa e a contraria na guerra de Siria foi a norma por occidente e agora tamén Rusia. A OTAN deu luz verde en xaneiro á invasión de Turquía a Afrin alegando un suposto dereito turco á au-

todefensa (sen ser agredida) e agora, dous meses despois, EEUU di sentirse moi preocupada pola situación. Por se a alguén se lle esqueceu, **na OTAN manda EEUU**, Turquía é integrante da OTAN e os seus tanques son alemáns.

Pola súa banda, Rusia estaba asentada en Afrin en colaboración cos kurdos utilizando edificios como base loxística, e a súa presenza disuadía a Erdogan da invasión. E de súpeto Rusia retirouse de Afrin dando luz verde ao ataque turco. A mesma Rusia que nos dous anos anteriores acusara a Erdogan de colaborar co ISIS, sufrir o **asasinato do embaixador ruso en Ankara** e derribas de aeronaves por Turquía. O millonario contrato do gasoduto ruso Turkstream, a venda de material militar e o desexo xeopolítico de atraerse a Turquía, fixeron que a Moscú se retirase da zona permitindo os crimes de guerra otománs.

E é que a pesar deste apoio común ás milicias kurdas, tanto EEUU como Rusia séguense manexando coas súas prioritarias axendas respectivas na guerra aberta que manteñen a través de terceiros, ou mesmo de forma directa cos **varios bombardeos que EEUU realizou sobre tropas e asesores rusos** causando decenas de mortos. Esa axenda siria particular rusa e americana relega aos kurdos a suxeitos xeopolíticos de “usar e tirar”, tal como ocorreu os últimos cen anos con este pobo que non é alleo a iso.

—Os obxectivos de Turquía coa invasión

E en definitiva, por que Turquía desexa cambiar a demografía de todo o norte de Siria?. Desde a primeira guerra mundial, fai cen anos, Turquía mergullouse nun **nacionalismo étnico extremo** que chocaba violentamente coa pluralidade de grupos sociais e relixiosos de Oriente Medio. O **xenocidio, limpeza étnica e asimilación** exercido polo estado turco contra armenios, gregos, asirios e kurdos foi o guiño estes cen anos en distintas fases.

Desde hai dous anos as cidades kurdas en Turquía están a ser arrasadas sen que aquí saibamos moito diso. É a guerra do estado turco contra o **pobo kurdo que defende a súa identidade, lingua e cultura**, e ademais propón un modelo democrático alternativo á proto-ditadura de Erdogan chamado Confederalismo Democrático. Este paradigma de convivencia que propoñen os kurdos levouse á práctica en todo o norte de Siria e por tanto o estado turco levou a súa ofensiva extramuros das súas fronteiras para erradicar un modelo que impugna o autoritarismo de Erdogan.

Erdogan xoga todas as súas bazas gañadoras para obter a impunidad nos seus crimes contra a poboación kurda dentro de

Turquía, dentro de Siria ou dentro de Iraq. Ante a UE utiliza aos refuxiados como reféns para chantaxear a Europa. A UE paga e evade a súa obrigaçión de aplicar o dereito humanitario ás persoas que fuxen das nosas guerras. Xusto agora cúmprense dous anos dese acordo da vergoña. E ante EEUU e Rusia, Turquía xoga utilizando a

maior ambigüidade nos seus achegamentos e afastamentos de ambos países e obter o máximo beneficio.

Mentres occidente acusa a Rusia dos bombardeos de Aleppo ou Ghouta, Putin sinala os bombardeos por EEUU de Mosul ou Raqqa, e mentres tanto, **Rusia e occidente gardan completo silencio da limpeza étnica**

en Afrin e dos massacres en todo Kurdistán. Así como os palestinos sufriron a Nakba e a limpeza étnica continuada ata hoxe, os kurdos teñen o seu Karesat. De momento a poboación kurda de Afrin marchouse das súas casas coa chave na man, e así como as persoas refuxiadas palestinas deben regresar canto antes, as kurdas tamén.



[Chile] Solidariedade con Juan Aliste Vega

Colamos chamado urxente de solidariedade con Juan Aliste Vega, condenado a 42 anos de prisión en 2010 acusado de varios asaltos a bancos en Chile.

Sobre a urxente situación de saúde do noso compañeiro prisioneiro subversivo autónomo Juan Aliste Vega.

Facendo un fervente chamado a solidariedade.

Queremos compartir o seguinte relato que contén, no esencial, os detalles do seu actual estado de saúde:

“O día 16 de decembro do 2017 de forma fortuíta ocrreme unha convulsión, desplumándome ao chan con perda de coñecemento, a raíz do cal fun derivado ao Hospital Penitenciario onde se me realizan exames de sangue, ouriña e cardíaco. Ese mesmo día dáse a orde médica para ser tratado por un especialista neurólogo nun hospital ou clínica externos.

Despois de case 80 días fun atendido no Hospital San Borja Arriarán o día 6 de marzo de 2018 por un neurólogo, quen logo de ordenar os exames de electroencefalograma, electrocardiograma e escáner cerebral, concluíu co diagnóstico de epilepsia secundaria, xerada por malformación arterio-venosa produto de golpes recibidos, sem poder precisar a antigüidade desta. Indicou un tratamento primario dun anticonvulsionante chamado Levertirasetam e en conxunto a un neuroradiólogo e neuroroxiruxano definirán a forma de realizar unha intervención intravascular como

primeiro paso para evitar o crecemento desta malformación para logo intervir, con microneurociruxía, o costado dereito do cérebro, onde se atopa dita malformación arterio-venosa.

Os prazos para estas intervencións estímense entre 1 e 2 meses, isto porque se indican como urxentes por alto risco para a miña vida e saúde, mais aínda nas condicións de refén do estado na que me atopo dende hai 8 anos xa.

Polo momento teño prohibición absoluta de práctica deportiva e de todo movemento brusco que xere risco de golpe na cabeza. Debo manter repouso aínda que é evidente que nas circunstancias de encerro vivido isto é imposible.

É unha loita contra o tempo”

Hoxe enfrontámonos a un combate pola vida e a saúde do noso compa. As secuelas dunha vida en guerra son evidentes. Os distintos períodos en prisión dende 1991-2001, 2002-2003, 2010-ata a data van deixando pegadas indelebles no corpo de Juan que hoxe o teñen nun momento crucial para o cal, inevitablemente, precisamos a solidariedade concreta de todxs quen, dende calquera lugar do mundo, poidan aportar nesta Urxente campaña pola vida e saúde de Juan Aliste.

Son momentos que nos exixen disposición e entrega sincera de todxs quen transitan polo mesmo camiño de loita pola Liberación Total que o noso irmán.

Facemos un fervente chamado a facerse presente. Resolver os altísimos custos das operacións que debe realizarse é a nosa

urxencia inmediata posto que os prazos son acotados e non hai tempo que perder. No mesmo sentido facemos un chamado a multiplicar as instancias multiformes e insurrectas de apoio e solidariedade de forma autónoma co compañeiro, a permanecer atentas á súa situación e os posibles obstáculos que se aveciñen. Cada unha pode aportar co que sexa necesario pero sen lugar a dúbidas é momento de estar, sen escusas nin ambigüidades: pola vida do noso irmán.

POLA VIDA E A SAÚDE DE JUAN: FRA-TERNIDADE, COMPLICIDADE, SOLIDARIEDADE!!!!

*Familiares, amigxs e compañeirxs de Freddy, Marcelo e Juan.

Deixamos as indicacións para facer aportes en diñeiro:

Depósito bancario en dólares:

Conta corrente 013-01-00747-3

Banco BICE, Marianela Leontina Salinas Aravena, RUT 8.719.216-4. Con el Código swift: BICE CL RM.

Código SBIF: 028

(Cada transferencia ten un cobro de 30 U\$, resgardar os baucher de envío e mandar imaxe ao correo: c.verdugo.sa@gmail.com)

Para facer envío de diñeiro por Western Union escribir ao correo c.verdugo.sa@gmail.com, para recibir os datos de como e a quen transferir. Éste tipo de transacción ten un custo que é proporcional ao monto enviado.

Calquera outra dúbida ao correo en cuestión.

Xa están aquí as segundas xornadas anarquistas de Coruña Libertaria!

Co obxectivo de visibilizar e rememorar o forte pasado anarquista da cidade coruñesa, este ano volven as xornadas de Coruña Libertaria, organizadas de maneira asemblearia por varios colectivos autoxestionados e libertarios: Ateneo Libertario Xosé Tarrío, Unión Anarcosindicalista, Ardora (pezado cartaz) e o novo colectivo Germinal, que se presentará no primeiro evento das xornadas. Este ano terán lugar no **Ateneo Libertario Xosé Tarrío** (Rúa La Paz 16) e no local da **Unión Anarcosindicalista** (Rúa Washington 36).

A continuación a lista de eventos:

MAIO:

· 25, Venres ás 20:00 na Rúa Washington 36:
Presentación do novo colectivo “Centro de estudos sociais Germinal” e presentación das xornadas.

· 29, Martes ás 20:00 na Rúa Washington 36:
Presentación do libro “A Coruña anarquista: na procura do ideal de liberdade” e charla “O anarquismo coruñés ata 1936” por Oscar Freán, autor do libro.

· 30, Mércores ás 20:00 na Rúa A Paz 16:

Proxección da película “Nuestro culpable” de Fernando Mignoni (1937)

XUÑO

· 3, Domingo ás 12:30 no cemiterio de San Amaro:

Ofrenda floral aos mártires da folga xeral de 1901 na Coruña

· 6, Mércores ás 20:00 na Rúa A Paz 16:

Proxección do documental “Memorias rotas, balada sobre el comandante Mmoreno” a cargo da súa directora Manane Rodríguez

· 8, Venres ás 20:00 na Rúa Washington 36:

Charla sobre Ramón de la Sagra a cargo de Ascensión Cambrón

· 11, Luns ás 20:00 na Rúa A Paz 16:

Charla “Galiza nas redes anarquistas internacionais” a cargo de Eliseo Fernández.

· 15, Venres ás 19:00 na Rúa Washington 36:

Proxección do filme “Viva Zapata” de Elia Kazan comentada por Alber Ponte.

A continuación, charla “O movemento agrario na comarcal de San Pedro” a cargo de Ramón Boga.

· 20, Mércores ás 20:00 na Rúa Washington 36:

Proxección do filme “Amanece sobre España” de Louis Frank e charla sobre o documental durante a Revolución española (Buñuel, Hemingway, Dos Passos)

· 22, Venres ás 22:00 na Rúa A Paz 16:

Charla “Esperanto e anarquismo” a cargo de Carlos Sánchez Crestar

· 27, Mércores ás 20:00 na Rúa A Paz 16:

Proxección do filme “Furia libertaria”

· 30, Sábado:

11:00 Roteiro libertario (por concretar)

20:00 Charla “Transición e movemento anarquista” a cargo de Miguel Ángel Martínez e presentación de Carlos López na Rúa Washington 36

Iso é todo, iremos informando sobre o roteiro do último día.

Saúde e anarquía!



Ofrenda floral aos mártires da folga xeral de 1901 na Coruña

Ateneo Libertario Xosé Tarrío

O día catro ás 12:30 estivemos no cemiterio de Santo Amaro lembrando a folga xeral de 1901 fronte o monolito erixido por petición popular en lembranza dos mártires de ditos sucesos.

Se ben se lle podería chamar o Primeiro de Maio coruñés, é unha parte da nosa historia que está case esquecida:

O 30 de maio de 1901, nunha época no que o sindicalismo ía en aumento, os traballadores e traballadoras de consumos ini-

ciaron unha folga pra obter unha mellora salarial. A empresa propuxo atrasar a folga 72 horas, coa intención de traer esquirols dende Madrid, cousa que non surtiu efecto e fíxose unha manifestación dunhas 1000 persoas o xoves 30 de maio, tendo como resultado unha carga policial que acabou coa vida de Mauro Sánchez (34 anos de idade, de Monte Alto).

Isto resultou nunha mobilización da clase obreira chegando a convocar unha folga xeral a partir do 31 de maio. Foi entón cando se declarou o estado de Guerra na provincia e a infantaría cargou contra o proletariado, chegando a asasinar a outras 8 persoas, algunhas das cales aparentemente só observaban os sucesos, como son os casos de Benita García (20 anos) e Manuela González (29 anos), traballadoras de hotel,

e Josefa Corral (42 anos), que vía o acontecido dende a súa galería. Outras vítimas foron Jacobo García, zapateiro; Antonio Bruno, aguador; Francisco García Lodeiro (35 anos), aserradeiro; e Antonio María Veiga, carpinteiro.

Tamén houbo varias persoas feridas (lembramos que nesa época cargaban con sable) e hai dúbidas de se foron máis as persoas asasinadas (algunhas fontes contan ata 10 persoas, pode que outra destas 10 fose Concepción Alonso), ademais de máis de 100 persoas detidas antes de rematalo día.

Pensamos que é importante lembrar loitas como estas, non esquecer a súa historia porque é tamén a nosa.

Non esquecemos, non perdoamos.

Viva a anarquía!

Ardora

(s)edicións anarquistas

Editora anarquista
ardoraeditora.info · ardora@bastardi.net

irmandade da costa

Xornal dixital airmandadedacosta.info
airmandadedacosta@riseup.net